



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE 2021, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES/AS ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:	
(Intervención telemática)	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
(Intervención telemática)	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
(Intervención telemática)	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
(Intervención telemática)	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
(Intervención telemática)	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
(Intervención telemática)	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
(Intervención telemática)	D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN
(Intervención telemática)	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
(Intervención telemática)	D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (27/01/2021).**

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 27/01/2021, na que no punto dous da orde do día Acordo, se procede, sobre do POS + 2021 (Plan único de concellos) onde di: “Proxecto de mellora de pavimentos de camiños de Vedra”, debe dicir: “Proxecto de mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros 2021”.

Unha vez feita a corrección apróbase por unanimidade.

**2º.- Dar conta da aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2020.**

Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2020, aprobada mediante resolución de alcaldía núm. 83/2021 do 18.02.2021 que se transcribe a continuación:

“Visto que con data 10 de febreiro de 2021, ditouse providencia para o inicio da aprobación da liquidación do exercicio económico 2020.



Visto que con data 15 de febreiro de 2021, emitiuse informe pola Secretaría en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con data 17 de febreiro de 2021, foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Visto que con data 17 de febreiro de 2021, emitiuse informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do cumprimento da regra do gasto e da débeda pública.

Visto o informe-proposta da Secretaría do 18 de febreiro de 2021.

De conformidade co artigo 191.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e co artigo 90.1 do Real decreto 500/1990,

## RESOLVO

**Primeiro.-** Aprobar a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio económico 2020 cos estados que forman parte do expediente de liquidación, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade:

- Resultado orzamentario axustado positivo de 68.641,52, o que supón un superávit derivado da execución do orzamento do exercicio 2020.
- Remanente de tesouraría para gastos xerais negativo de -367.065,12 €.
- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.
- Cumprimento do obxectivo da Regra do Gasto, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio.
- Cumprimento do límite de débeda segundo o artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**Segundo.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, de acordo co establecido nos artigos 193.4 del Texto Refundido de la Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Remitir copia da mesma, antes de finalizar o mes de marzo de conformidade co establecido na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”.



O Sr. Pose Rodríguez do BNG pregunta se enviaron a liquidación, porque el só recibiu un resumo da mesma, do mesmo xeito có ano pasado e a liquidación é o documento máis importante da xestión dun ano. Solicita que a envíen.

A Presidencia responde que non hai problema en envialo e toma nota da petición.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, tamén a solicita.

O Pleno dáse por informado.

### **3º.- Aprobación, se procede, de ordenanza municipal reguladora da corta, depósito, corta e transporte de madeira.**

Coa finalidade de velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos prexuízos e danos que poidan sufrir os mesmos como consecuencia dos traballos de saca de madeira e usos equiparables comprendendo dentro destes tanto as operacións preparatorias da corta de madeira como as posteriores, preténdese aprobar unha ordenanza reguladora que faga compatible a actividade de aproveitamento forestal coa preservación do medio natural, a protección paisaxística, a conservación dos camiños e a seguridade viaria.

Polo que en virtude do disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno :

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da corta, depósito, carga e transporte de madeira.

SEGUNDO.- Someter dita ordenanza municipal á información pública e audiencia dos interesados, coa publicación no BOP , taboleiro de anuncios, por un prazo de trinta días hábiles , para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións.

Simultaneamente publicar o texto da mesma na web municipal: <https://concellodevedra.com> co obxecto de darlle audiencia aos cidadáns afectados e recoller cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, o acordo entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

O texto íntegro publicarase no BOP e no taboleiro de anuncio, e estará á disposición dos interesados na sede electrónica municipal: <https://sede.vedra.es>

A Presidencia di que cre que hai tempo que é necesaria e fundamental para protexer as vías municipais unha ordenanza que regulara a corta, depósito, carga e transporte de madeira. Os madeireiros xa están acostumados a elas porque son habituais en moitos concellos. Moitos dos madeireiros, sobre todo os da zona, son coidadosos coas pistas, cunetas e camiños municipais, aínda que hai algúns que non o son. Cre que non é correcto que o madeireiro gañe cartos, o propietario gañe cartos e que todo o pobo teña que poñer cartos para reparar as desfeitas que fan algúns madeireiros nas vías públicas.



O que se está regulando con esta ordenanza é probable que lle moleste a quen non cumpre, porque aos que si o fan non lles vai supor ningún problema.

Tentouse facer unha ordenanza sinxela na súa tramitación e entendemento.

No ámbito da súa aplicación, déixase fóra unha serie de criterios ou actividades nas que non é precisa a comunicación previa, como son as cortas que teñen como finalidade o aproveitamento para uso doméstico con vehículo agrícola, as podas, roces, clareo de rebrotos ou as talas puntuais de exemplares de árbores illados ou que non superen os 10 m<sup>3</sup> ou tn.

O grupo do BNG apuntaba introducir sempre que os vehículos empregados teñan un peso máximo autorizado inferior a 10 tn. O problema non é en si mesmo o propio vehículo, senón que entre e saia repetidamente.

En canto á comunicación previa, artigo 3 “que teñen que ter todos os permisos ...”, engádesse “en especial os que fan referencia ao Patrimonio Cultural, de ser o caso”.

Respecto das garantías, presentación de avais, xa se estableceu un parágrafo pensando nos madeireiros locais ou nos que máis traballan na zona, para que non teñan que presentar un aval cada vez que fagan unha corta, e teñan a posibilidade de presentar unha fianza anual única a establecer polo concello.

Tamén se deixan claramente reflectidas as responsabilidades e as infraccións tanto do madeireiro como dos propietarios.

No próximo mes, antes de que entre en vigor, elaborárase un modelo tipo para que sexa fácil para eles cubri-lo e presentalo e estará na páxina web para que o poidan usar.

En relación ao tema da taxa, non habería que introducir nada máis, porque na ordenanza nº 7 xa ten cabida como hai que presentar unha comunicación previa, e xa terían que pagar a taxa de 60€.

Solicita o apoio aos grupos da oposición.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que lles parece necesaria e cre que a traen tarde, porque xa a portavoz do PSdeG-PSOE na lexislatura 2011-2015 falara de abordar este tema. O que solicita é axilar a burocracia o máximo posible.

Con respecto á taxa acordada na ordenanza número 7, cre que non estaría mal que figurase nesta ordenanza, para que ninguén se leve sorpresas.

Di que o seu grupo vai apoiar a moción.

O Sr. Pose Rdoríguez, do BNG, di que é unha ordenanza imprescindible. Non está seguro de que sexa sensato non poñer a limitación da maquinaria a empregar, porque poden ter a tentación de facer trampa. Di que haberá tempo de ver como funciona e propoñer modificacións.

Solicita que unha vez que se aprobe se lle dea a máxima publicidade para que a mesma veciñanza avise e comunique se ten dúbidas de que se realizara a comunicación.

Anuncia o voto a favor do seu grupo.



A Presidencia agradece o apoio e cre que a publicidade é fundamental a todos os niveis.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

**4º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG respecto ao acceso ao emprego público no concello.**

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG para acadar un acordo municipal respecto ao acceso ao emprego público no concello, achegando á mesma un informe xurídico sobre a creación dun rexistro de gravacións de probas orais de selección de persoal para garantir a viabilidade da mesma.

Na citada moción expoñen que nos procesos de selección do persoal municipal, ou adscrito a entidades dependentes do ámbito municipal (obradoiros, participadas, ...etc), unha das pezas fundamentais é a entrevista persoal, que ten carácter subxectivo e onde se decide o 99% dos procesos selectivos.

A Lei de infraccións e sancións da orde social incide que certas preguntas de carácter persoal considéranse ilegais, polo que o entrevistado pode negarse a contestalas, e inclusive adquiren o dereito de demandar á empresa que realiza a entrevista. Mesmo establece que Inspección de traballo considerará certas as acusacións de parte do entrevistado, sendo a empresa quen debe probar que o obxecto da denuncia é falso.

Polo que estandarizar un sistema de gravación audiovisual da fase de entrevista en todos os procesos de selección de persoal que atinxan ao concello, respectando o Regulamento Xeral de Protección de Datos, resultará de sumo interese para garantir o dereito de acceso xusto a postos de persoal laboral, dotando ao concello dunha estrutura de transparencia absoluta en todo o proceso, e permitíndolle ás persoas que realizan o proceso de selección un acceso á defensa xusto, reducindo o factor de subxectividade do sistema de entrevistas persoais.

Polo exposto propoñen ao Pleno:

1º.- As bases das convocatorias para cubrir prazas de funcionarios ou persoal laboral, serán aprobadas polo Pleno da Corporación. *Cando pola urxencia derivada da necesidade de cubrir temporal ou interinamente unha vacante non contemplada na oferta de emprego público, ou pola necesidade de cubrir unha substitución, non se poidan aprobar as bases da convocatoria en Pleno, aprobaranse por unha comisión creada ao efecto con representación de todos os grupos políticos e voto ponderado.*

2º.- O Concello de Vedra cubrirá todas as substitucións que se produzan no persoal por baixas, excedencias, vacacións ou permisos con listas de agarda creadas co persoal que aprobou sen praza o último procedemento selectivo. Excepcionalmente, e soamente por existir algunha das seguintes causas para non cubrir prazas por excedencia ou vacacións mediante as listas de agarda municipais elaboraranse unhas bases sinxelas para a creación das citadas listas de cobertura temporal polo procedemento marcado no punto 1.



- *Por terse celebrado hai máis de 2 anos este proceso.*
- *Por non haber persoal con probas superadas para elaborar esa lista.*

3º.- As convocatorias de prazas e as súas bases serán obxecto da máxima difusión e publicidade, no taboleiro de anuncios do concello e casas municipais, taboleiros das parroquias, boletín informativo municipal e páxina web, ademais do obrigatorio anuncio no BOP, e a difusión nos diarios de maior tirada local.

4º.- O prazo para a presentación de instancias dos posibles aspirantes desde a publicación da convocatoria non será nunca inferior a 15 días, e será como mínimo de un mes para as prazas integradas na Oferta de Emprego Público.

5º.- A publicidade para a cobertura de prazas temporais de Plans de Cooperación e Fomento do Emprego da Xunta de Galicia, Obradoiros de Emprego, etc. seguirán o criterio de publicidade indicado no punto 3 (agás no que se refire ao BOP), describindo brevemente cal será o procedemento de selección.

6º.- Realizar, de acordo ao informe xurídico sobre a creación dun rexistro de gravacións de probas orais de selección de persoal emitido pola letrada Rogelia M. Perez Grella, e incluído no ANEXO I do presente documento, en particular en relación ao apartado C.- “Avaliación do cumprimento das obrigas impostas pola lexislación de protección de datos para a gravación de probas de selección.” A gravación de todas as entrevistas persoais de todos os procesos de selección nos que participe o concello, *tanto de maneira individualizada, como coordinada con outros concellos*, de maneira que esta medida sexa condición indispensable para realizar colaboracións intermunicipais de selección de persoal laboral, tanto de duración determinada como indefinida, e independentemente de onde proceda a fonte de financiamento destas contratacións.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o fundamental desta moción é o proceso de gravación das entrevistas persoais cando sexan necesarias, en calquera posto, non só para obradoiros de emprego. O resto son cuestións básicas.

Respecto ás gravacións das entrevistas persoais, que cre que son de facto inxustas e nada obxectivas, encargaron un informe que se anexa á moción. Cre que a gravación das entrevistas non é algo anacrónico, senón que soluciona un montón de problemas e malentendidos. O informe recolle como hai que realizar todo o procedemento, a elaboración da base de datos, dereitos duns e doutros, etc. e a xestión non é complicada. Solicita o voto a favor.

A Presidencia contesta que isto xa se debateu no pleno de xuño de 2016. Supón que o informe xurídico terá actualización e non dubida da validez nin da legalidade do mesmo.

Remítese ao que xa se debateu no seu momento e ás súas manifestacións. O Sr. Pose Rodríguez concreta todo na entrevista persoal, e o grupo de goberno eliminou ese problema de raíz cando eliminou as entrevistas persoais.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta se existe algunha regulamentación que prohiba as entrevistas persoais neste concello.





A Presidencia contesta que non, pero o grupo de goberno eliminounas e adquiriu aqueles compromisos e non volveron ter entrevistas persoais. A argumentación do BNG é perfectamente lexítima e respectable, como a do PP.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que cre que un concello a eliminación das entrevistas persoais ten que estar regulamentado. Se o día de mañá necesita realizalas, como van facer.

A Presidencia responde que hai máis de cinco anos que non fan selección de persoal con entrevistas persoais, e polo tanto eliminado o problema, non ten sentido o rexistro das entrevistas. Naquel momento comprometéronse a algo que foi acordado coas representacións sindicais, para que non houbo ningún tipo de dúbida, nese caso a entrevista faríase de xeito escrito, de tal xeito que os dereitos e garantías da proba quedan perfectamente reflectidos, garantidos e sexan revisables á hora de calquera reclamación.

O concello eliminou as entrevistas persoais, pero se veñen impostas doutras administracións, fanse por escrito, polo que desaparece o problema que formula o BNG e garántese a máxima transparencia.

Van manter o criterio que adoptaron no 2016.

Respecto aos outros puntos da moción di que as listaxes de agarda xa se crearon e agora hai que renovarlas e probablemente aumentalas; están dando a máxima publicidade posible a todos os procesos; os prazos establecidos legalmente cómprense; os procesos son transparentes, etc.

Van seguir mantendo ese criterio e cre que queda garantida a transparencia nos procesos de selección en Vedra.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o PP non renunciou ás entrevistas persoais, o que fixo foi facer externos os obradoiros porque lle daban traballo e faino cos amigos e terminan entrevistando noutros concellos e non en Vedra e pasaron de ter 15 persoas de Vedra nos obradoiros a ter entre 3 e 5 cada ano. Cre recordar que cando abriron as listaxes para a contratación de persoal fixeron entrevistas persoais.

A Presidencia suxire que repase dende o 2016 se nalgunha proba houbo entrevista persoal.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo está de acordo cos seis primeiros puntos da moción. A selección de persoal cada dous anos parécelles excesiva e cre que pode ser cada catro anos.

Con respecto do sexto punto da moción teñen certas suspicacias, polo tema da protección de datos e da imaxe, xa que pode haber persoas ás que non lles guste ser gravadas.

Nas únicas probas de selección de persoal nas que se fai a entrevista persoal é nos obradoiros de emprego e subvencións que proveñen da Xunta de Galicia. Solicita que se engada un punto máis á moción na que se inste á Xunta de Galicia a que elimine esa entrevista na selección de persoal. Cre que a Xunta de Galicia xoga con esa proba para facer a súa particular política.



O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que non coñece ningún obradoiro de emprego no que a entrevista persoal sexa oral por obrigación, e cre que non se pode facer por escrito.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que non se pode confundir o que son as probas orais cunha entrevista. Unha cousa é que nalgúns exames do grupo A se fai unha proba escrita e logo unha proba oral, que son eliminatorias. Son probas que non son entrevistas, que non son decisorias e mesmo a súa puntuación non pode definir un proceso.

En canto ao contido da proposta, ten que dicir que en canto ao primeiro punto de proposta o artigo 21.1g da Lei de bases do réxime local (Lei 7/1.85, do 2 de abril), establece como competencia do Alcalde aprobar a oferta de emprego público, de acordo co orzamento e cadro de persoal aprobados polo Pleno e aprobar as bases das probas para a selección do persoal.

En todo caso tampouco a comisión con representación de todos os grupos podería adoptar ningún tipo de acordo. O artigo 20 da citada Lei de bases de réxime local establece a organización municipal. A comisión que se propón sería un órgano complementario que non pode adoptar acordos, e que xa existe, por outra parte.

O que solicita no punto terceiro, sobre a difusión das convocatorias, xa se está a facer, e ademais así o establece a lexislación ao efecto.

En canto ao punto cuarto sobre os prazos para a presentación de instancias nas prazas da oferta pública de emprego, a lexislación establece un prazo concreto de 20 días (art. 18 do R.D. 364/1995, do 10 de marzo), polo cal non poden ser nin máis nin menos días, pois o proceso sería invalidado.

Respecto á publicidade, di que a xente que está interesada, infórmase. Antes e que saia a convocatoria, o prazo para inscribirse, sae publicado no BOP e no DOG.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que na anterior ocasión chegárase á conclusión de que o Alcalde pode ceder competencias ao Pleno, e para que esta moción sexa efectiva obviamente teno que facer.

A Presidencia di que se lle dá publicidade en todos os sitios (facebook, servizo de novas, web, etc.) O tema da publicidade non é un problema en Vedra.

En calquera caso non comparte os comentarios sobre os obradoiros de emprego. Di que tamén van presentar en breve un obradoiro de emprego en común con Teo, e serán eles os responsables de facer a selección dos participantes.

A opinión do BNG é moi respectable, defendible, lexítima, etc. exactamente igual ca do grupo de goberno. O BNG ten todo o dereito a traer a moción na lexislatura pasada e nesta, pero o grupo de goberno ten tamén todo o dereito a manter a mesma opinión ca na lexislatura pasada.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, preguntalle ao voceiro do BNG se considera oportuno incluír na moción o punto que lle comentou antes.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que en Touro propuxeron anular a parte oral e o argumento que deron foi que non se podía. Por outro lado non ten problema en incluír na moción que se inste á Xunta de Galicia a eliminación da entrevista persoal.





Dille ao Secretario, que o que se está valorando no informe xurídico é a posibilidade de realizar a gravación, non a importancia do que se grava. É legal gravar, porque se está facendo noutros sitios.

A Presidencia di que ninguén criticaba a legalidade do informe.

Posta a votación, rexéitase con oito votos en contra do PP e cinco votos a favor do BNG e PSdeG-PSOE.

**5º.- Acordo, se procede, sobre elección de Xuíz/a de Paz Substituto/a de Vedra.**

Vista a comunicación remitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia interesando o inicio de expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Substituto/a de Vedra, vacante por renuncia da persoa que viña desempeñado o cargo.

Visto que de acordo cos artigos 99 e 103 da lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial e o Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, por Resolución da Alcaldía núm. 22/2021, de data 20 de xaneiro aprobouse a convocatoria da citada praza, publicándose con data 26 de xaneiro no BOP núm. 16/21, no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, presentándose dous candidatos, segundo certificación que consta no expediente

A Comisión de Asuntos Xerais, coa abstención do BNG, propón designar para o citado cargo a dona Alba Mouro Rey por reunir mellores méritos dos establecidos na convocatoria.

Posto a votación apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dúas abstencións do BNG.

**6º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre da transferencia da AP9 a Galicia.**

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do BNG na que na súa exposición de motivos sinalan que a AP 9 - autoestrada do Atlántico- é a principal arteria de comunicación de Galicia, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do mesmo.

A citada autoestrada ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos/as, que supoñen un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas.

A súa concesión remataba no ano 2013, e foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado, vendéndose no 2003 por un prezo ridículo. A data de hoxe Galicia conta cunha das autoestradas máis caras do Estado e coa concesión máis longa posible (75 anos, ata 2048), cando no resto do Estado a práctica totalidade ou son de balde ou o serán en breve.



Dende hai tempo vense loitando para poñer fin a este abuso, e así no 2016 o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a Transferencia da AP-9 a Galicia, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano.

Con data 2 de febreiro o Congreso aproba por ampla maioría e toma en consideración a Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP-9.

Dado que o BNG considera que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual xeito que se rescataron no seu día as radiais madrileñas, solicitan do Pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a Lei de Transferencia da AP9 a Galicia no actual período de sesións.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que é unha reiteración dunha acción que xa se fixo en Madrid e no Parlamento Galego.

A Presidencia di que o grupo de goberno votará a favor.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, di que van votar a favor. Na moción solicítase algo que xa se presentou o dous de febreiro. Na exposición de motivos non figuran certos asuntos. En decembro do 2018 o goberno do PSOE de Pedro Sánchez, que saíu da moción de censura ao PP, aprobou no Congreso a toma en consideración da proposta aprobada no Parlamento de Galicia. Recorda que naquel momento o BNG non tiña representación no Congreso dos Deputados e foron os deputados socialistas galegos os que a impulsaron. Quedou parada polas sucesivas convocatorias electorais e retomouse en febreiro do 2021.

Recórdalle ao BNG que está presupostada unha partida de 63 millóns de euros nos orzamentos xerais do Estado, case a metade do que recada a concesionaria por ano, para as rebaixas e bonificacións nunca vistas na historia da AP-9, para o ano 2021. O BNG votou en contra deses orzamentos. Uns orzamentos máis sociais da historia e que miran cara Galicia para minimizar ese agravio que senten os galegos e galegas por utilizar esa infraestrutura clave para o territorio galego.

Adianta que xa se está a traballar para que non sexa só este ano, senón que sexa cada ano ata a fin da concesión.

Tamén lle recorda que a compra das radiais madrileñas foi asinada por M. Rajoy, non por un goberno socialista.

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Posta a votación, apróbbase por unanimidade.

**7º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PP para pedir a aplicación inmediata das bonificacións na AP9**

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.



Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do PP, na que expoñen que a autoestrada AP-9 é unha Infraestrutura básica e vital de dinamización económica e social da nosa Comunidade Autónoma; un eixe que percorre a xeografía galega de norte a sur, na que se concentra arredor do 60% da poboación e que conecta 5 das grandes cidades galegas: Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.

Coincidindo coa presentación dos orzamentos xerais do Estado do 2021 o goberno da Nación anunciou unha serie de actuacións sobre as peaxes que se están a aplicar nesta autoestrada, como a bonificación das tarifas e a invalidación das subas extraordinarias anuais.

Malia o anterior o goberno non só non cumpriu ningún dos seus compromisos, senón que permitiulle á empresa concesionaria aumentar as tarifas, desoíndo o ditame do Consello Consultivo de Galicia que considera este incremento extraordinario nulo de pleno dereito.

A suba de peaxes redunda nun agravio comparativo con respecto ao resto das autoestradas de competencia da administración central, posto que a tendencia é eliminar ou rebaixar as peaxes, todo o contrario do que se está a facer en Galicia, converténdose a AP-9 nunha das autoestradas máis caras de España.

Ademais a citada autoestrada é unha infraestrutura incompleta, na que se acumulan retrasos importantes, obras pendentes como a ampliación da Avenida de Alfonso Molina, o enlace orbital en Santiago, o remate das saídas en Ferrol,....

Por todo o exposto solicitan a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a:

1º.- Ao establecemento inmediato dun sistema de bonificacións de peaxes na AP-9 que rebaixe o custo da autoestrada e o seu impacto nos petos das familias e na competitividade das nosas empresas e do noso territorio.

2º.- A deixar sen efecto as novas subas extraordinarias previstas para financiar as obras de ampliación da autoestrada.

3º.- A convocar a Comisión conxunta da AP-9 para abordar coa Xunta o modelo de bonificacións e para avanzar na transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada con todos os recursos necesarios para acometer as obras pendentes e para a súa axeitada xestión.

A Presidencia di que é unha moción de partido e cre que complementaria da anterior. Mentres non se produza a transferencia da AP-9 solicitan que non se produzan esas subas e que se produzan as bonificacións.

Solicita o apoio á mesma.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo está abraiado. É unha moción de partido, das mesas persoas que estiveron bloqueando na mesa do congreso por tres veces que se discutira no Congreso dos Deputados esa transferencia. Durante o goberno de M. Rajoy non fixeron nada por ese tema e agora veñen con esixencias e présas. Tanto o BNG como o PP votaron non aos orzamentos xerais do Estado e agora



veñen con esixencias e présa. Votaron en contra á partida que vén de 63 millóns de euros para o tema da AP-9.

Cre que teñen unha cara moi dura para presentar en pleno esta moción e defendela. Un logro dun goberno socialista e dos deputados socialistas galegos disfrázano de mala xestión porque ten que ser de aplicación inmediata.

Segundo o Secretario xeral de transportes, nunha entrevista dixo que esas rebaixas e bonificacións se van aplicar nos seis primeiros meses do ano e non é unha decisión do goberno, senón que hai unha negociación coa empresa; polo tanto non admiten ese punto na moción.

A moción fala de deixar sen efecto as novas subas extraordinarias previstas para financiar as obras de ampliación da autoestrada, iso que asinou Aznar no ano 2000 e que prolonga a concesión ata o ano 2048. Existe un contrato asinado cunha empresa que se ten que cumprir. Non aceptan este punto da moción.

No último punto da moción si están de acordo. Hoxe mesmo, o Secretario Xeral do PSdeG-PSOE, dicía que “o PP ten que reconecer os seus erros e contribuír a dar solucións. Se o goberno de España bonifica a viaxe de volta, espera que o de Galicia faga o mesmo co de ida como fixeron outras comunidades como Aragón, Cataluña, Andalucía ou a Rioxa”

O voto do seu grupo vai ser en contra.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, anuncia a abstención do seu grupo e vai explicar o por que.

Ir de Galicia a Sevilla custa cero euros; de Coruña a Vigo 16 € e facer o percorrido completo ida e volta son 44 €.

No ano 1973 é cando se diseña esta autoestrada, e nese ano Beiras publica o Atraso económico de Galicia e xa falaba da falta de infraestrutura no país.

Sacyr, que é unha empresa madrileña, faise con Aena no ano 2003, cando se privatiza. Quen a privatizou foi Álvarez Cascos, que era o ministro, e Fraga era o Presidente de Galicia. O PP non dixo nada.

Sacyr crea Itínere, que é a rama de autoestradas e incorpóraselle a AP-9. No ano 2008 Itínere é propietaria do 90% de Audasa e véndese a un grupo estranxeiro, o banco Citybank. Nese momento o Presidente de España era Rodríguez Zapatero, e Touriño o da Xunta de Galicia. Ninguén dixo nada.

A concesión que remataba no 2013, Borrell prorroga ata o ano 2023. O Presidente do Goberno de España era Felipe González, e na Xunta de Galicia era Fraga. Ninguén dixo nada.

Todos os cartos das prórrogas dende 2013 van parar a unha empresa estranxeira sen ningún pudor e iso ten algunha explicación: Bárcenas estivo no consello de administración de Sacyr; Pedro Pérez Fernández, que foi durante 10 anos director de Itínere, foi secretario de Estado de economía con Felipe González. Audasa non paga IBI, nas cabinas non hai persoal e a xestión dos transportes pesados é adrede máis cara.



É dicir, un tránsito completo en Audasa son 100 € para un transportista e está feito adrede para que non desgasten o pavimento.

Están pedindo que se financie con cartos públicos a Citybank, e cre que é un delirio despois do que fixo o PSOE e o PP ao respecto.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP, tres en contra do PSdeG-PSOE e dúas abstencións do BNG.

**8º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE sobre dun Plan de rescate para os sectores da hostalaría e o turismo.**

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre dun plan de rescate para os sectores da hostalaría e o turismo.

Na súa exposición de motivos, sinalan que no pasado mes de novembro presentaron unha moción para adoptar dende o concello medidas de apoio ás familias e empresas locais (bonificacións IBI, taxas lixo,...), que foi retirada por falta de estudo previo, quedando en manter unha Xunta de Voceiros para debatela, que si houbo, estando á espera de concreción.

Nesta moción traen unha proposta centrada nas axudas á hostalaría e ao turismo, sectores moi golpeados pola crise derivada da pandemia da COVID-19, posto que están a afrontar dende o comezo da mesma unha realidade que os afoga cada día, facendo insostible a continuidade de moitas pequenas e medianas empresas vinculadas a estes sectores.

É evidente que a adopción de medidas necesarias para protexer a saúde da cidadanía debe ser unha prioridade, pero sen perder de vista que a súa adopción prexudica a economía de centos de familias, cuxos únicos ingresos dependen da súa actividade laboral ou económica, por iso resulta imprescindible adoptar modelos como o de Alemaña, onde calquera restrición sanitaria chega acompañada de liñas de axudas para os sectores afectados.

En Galicia podemos adoptar un modelo semellante ao alemán para afrontar non só a difícil situación económica das PEMES e autónomos da provincia, senón tamén para protexelas das perdas derivadas das restricións sanitarias aplicadas, xa que durante o 2020 o goberno estatal remitiulle á Xunta de Galicia recursos non reembolsables a través do fondo COVID estatal para compensar a caída de ingresos pola redución de actividade económica por valor de 224,10 millóns , e vén de anunciar o reparto de 441 millóns de euros a través dos fondos do REACT-UE.

Ademais os compromisos noutras materias non deben ser unha escusa, posto que os gobernos autonómicos recibiron 16.000 millóns de euros para afrontar os gastos extraordinarios de sanidade e educación.



A Deputación Provincial xa implementou un plan dirixido a PEMES e autónomos que mobilizou 17 millóns de euros coa colaboración dos concellos da provincia.

A situación actual require un novo esforzo, por iso solicitan que esta Corporación Local adopte o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia, Deputacións e todas as Entidades Locais de Galicia a que destinen polo menos o 1% dos seus orzamentos no 2021 a axudas á hostalaría, ao turismo e outros sectores afectados polas restricións.

A voceira do PSdeG-PSOE di que se trata de que cada administración achegue o 1%, porque é o máis equitativo xa que non todas as administracións teñen o mesmo orzamento e non decida a Xunta de Galicia o que ten que achegar cada administración. A hostalería e o turismo é un sector que está moi afectado por esta situación. Solicita o voto a favor.

A Presidencia di que ninguén dubida que certos sectores están nunha situación crítica. Na exposición de motivos parece que o PSOE todo o fai ben o PP todo o fai mal, e non é así. Cre que tanto a Deputación como a Xunta de Galicia están actuando ben neste caso.

En canto ao tema da coordinación non é nada fácil porque as realidades son moi diferentes.

O primeiro plan de rescate da Xunta e o PEL-Reactiva da Deputación, proporcionalmente, son moi parecidos. A Xunta de Galicia destinou en Vedra, nese plan de rescate, 123.950 € en 69 axudas. O Plan da Deputación, 62.000€ que poñía a Deputación e 16.000€ que poñía o concello, en 42 axudas. Entre a primeira achega da Xunta e esta segunda, vaise superar amplamente o 1% e non lle cabe dúbida de que así o fará ao longo do ano.

Hoxe saíu na prensa que o Estado vai destinar un tipo de axudas concretas ás PEMES, hostalería, etc. Cre que é o momento de sumar e non de botarse as culpas uns aos outros e o concello vai destinar os fondos que ten reservados nos orzamentos a tal fin.

Di que non teñen problema en votar a favor da moción, independentemente de quen governe cada administración.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que van votar a favor.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

### **9º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

O Sr. Secretario dá conta do informe solicitado polo PSdeG-PSOE respecto dos tres contratos menores a Ferretería-Droguería El Sol, Limpiezas Germania, SL e a M. Baluja.

O artigo 16-3-a) da LCSP considera como contrato de subministración “aqueles nos que o empresario se obriga a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar un contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.”





O contrato non libera á administración de facer unha previsión do mesmo en función das unidades que necesitará durante a vixencia do contrato, cuxa xustificación deberá constar no expediente en atención ás súas necesidades para os fins do servizo público correspondente. En todo caso esta previsión non pode ser arbitraria nin contraria ao principio de boa administración.

Conforme ao artigo 3.1 do Código civil (Lei 1/1889) o sentido propio das palabras utilizadas pola norma “límite máximo” ou “importe máximo limitativo”, pon de manifesto unha vontade clara de poñer a esa inexactitude un límite, sequera no seu tope máximo, cuxa superación situaríanos nas modificacións contractuais.

Por outra banda, a incerteza na que se move o precepto que se está analizando, non se limita exclusivamente ao número de unidades a subministraren e que incide sobre o prezo total do contrato, senón tamén ao momento, durante a vixencia do contrato, no que xorde a necesidade para a administración.

O característico da subministración é que a prestación susténtase sobre un obxecto contractual que se define como composto por varias cousas que por independentes se entenden que son separadas e diferenciadas, pero se unen corporalmente para formar unha unidade na súa funcionalidade. Dita unidade non supón necesariamente unha universalidade en sentido técnico xurídico, senón que vén determinada pola agregación de bens mobles que satisfán, no seu conxunto, a necesidade da Administración que motiva o procedemento contractual (informe da Comisión consultiva de contratación da Junta de Andalucía. Informe 13/2012; 4 de decembro).

Sen embargo, o dinamismo do mercado, así como a maior amplitude da actividade das Administracións Públicas conduce á existencia, hoxe en día, de necesidades que xorden a estas no desenvolvemento das súas competencias que precisan da contratación de prestacións non cualificables como propias dunha subministración, pero que se caracterizan pola agrupación de unidades individualizadas. A acumulación nun único contrato da adquisición dun número plural daquelas cousas ou servizos, insiste, individualizadas, sempre que tales cousas cumpran unha serie de requisitos consistentes basicamente en que existan unidades definidas e prezos para cada unha delas, non sendo necesario solicitar ofertas nin negociar aspectos das distintas entregas e en que non se coñeza no momento da licitación as unidades concretas que serán necesarias durante a vixencia do contrato ( art. 16.3ª)).

En canto aos contratos de servizos, no artigo 17 di que “son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestación de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou unha subministración, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario”.

O informe 1/2018, de 25 de abril de 2018, da Xunta Consultiva de contratación de Galicia relativo a contratos menores entende, entre outros, o seguinte: “A interpretación literal do artigo 118, non é suficiente xa que se leva a cabo con independencia do contexto, podendo levar a resultados contrarios ao resto do articulado da Lei e opostos á finalidade destes, polo que se precisa unha interpretación integradora da normativa”, como así o sinalan tamén informes como o 3/2018, de 13 de febreiro da



Xunta Consultiva de Aragón; os informes 41/2017, 42/2017 e 5/2918 da Xunta Consultiva de Contratación do Estado e outros.

Pois ben, o que fai a Lei de contratos cando define aos contratos de subministración e servizos en función das necesidades, é establecer un mecanismo que permita incrementar o importe do contrato cando aumenten as necesidades.

A Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público no seu artigo 118 e demais, regula os contratos menores. No seu apartado 1 establécese: “consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 € cando se trate de contratos de obras ou a 15.000 € cando se trate de contratos de subministración ou de servizos”.

O informe 42/2017, da Xunta Consultiva de contratación pública do Estado, conclúe que “A lei non contempla unha limitación á celebración de contratos menores cun mesmo operador económico cando as prestacións obxecto dos mesmos sexan cualitativamente diferentes e non formen unha unidade. Por iso, fóra dos casos de alteración fraudulenta do obxecto do contrato, si é posible celebrar outros contratos menores co mesmo contratista, pero neste caso haberá de xustificarse adecuadamente no expediente que non se dan as circunstancias prohibidas pola norma.”

Seguindo a liña de interpretación exposta, é conveniente analizar o sentido e interpretación do inciso de xustificación de que “o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado 1º deste artigo”.

O informe 1/2018 di: “Unha interpretación do artigo no sentido de pretender establecer unha nova regra prohibitiva en razón da contía dos contratos menores aos que pode optar un contratista determinado, incorre ao noso xuízo nun exceso interpretativo e en resultados antisistemáticos en relación coa ordenación xeral da LCSP, xa que levaría a concluír a existencia dunha sorte de nova prohibición para contratar coa administración mediante contratos menores polo mero feito de ter concertados outros anteriormente.

A interpretación do artigo 118.3 como unha regra limitativa autónoma, con independencia das regras xerais sobre o obxecto do contrato, presentaría contradicións lóxicas e sistemáticas co resto da regulación legal. Así, deste modo, esta interpretación como regra prohibitiva evitaría a adxudicación de diferentes contratos menores (con distinto obxecto) a un contratista idóneo polo mero feito de ter sido adxudicatario doutros contratos menores anteriores, aínda que se puidese xustificar que sería a mellor selección por ser a oferta economicamente máis vantaxosa, o que produciría resultados contrarios á eficiencia e á libre competencia, ao ter a administración que acudir a licitadores menos aptos ou competentes polo simple feito de non ter sido adxudicatarios de contratos menores anteriores. Estas consecuencias, polo tanto, serían contrarias aos principios recollidos no artigo 1 da LCSP: principios de liberdade de acceso ás licitacións, non discriminación, eficiente utilización dos fondos públicos, salvagarda da libre competencia e selección da oferta economicamente máis vantaxosa.”

“En conclusión, polas razóns expostas, a xuízo desta Xunta Consultiva e de acordo co manifestado pola JCCA do Estado, a interpretación correcta do artigo 118.3 sería a de entender que no expediente de contratación do contrato menor debe xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de



contratación e que, polo tanto, o contratista non subscribiu máis contratos menores co mesmo obxecto que, individual ou conxuntamente, superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.”

¿A que se está referindo o lexislador cando usa a expresión “subscrito” no literal “ e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra....?”

Como expresa a propia consulta, os contratos menores non requiren de formalización de acordo coa LCSP, dado que a súa existencia se acredita cos documentos aos que se refire o artigo 118. Polo tanto, estes contratos non requiren da formalización para a súa perfección (artigo 36 LCSP, relativo á perfección de contratos). Ante a ausencia dunha norma na LCSP que estableza o momento da perfección, debe acudirse á regra xeral do Código Civil (artigo 1258), que determina a perfección polo mero consentimento, isto é, polo concurso da oferta e da aceptación sobre a cousa e a causa que han de construír o contrato (1262 do Código Civil).

Do anterior cabe concluír que por contratos subscritos debe entenderse contratos perfeccionados polo consentimento das partes.

Polo tanto, sempre que esteamos ante contratos con obxectos distintos, un só contratista poderá ser adxudicatario de contratos menores aínda que o seu importe agregado supere conxuntamente as cifras recollidas no artigo 118.1 da LCSP.

A nova redacción do artigo 118 da Lei de contratos, dada polo Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro establece no apartado 2: “Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade de contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior”. Polo cal desaparece no antigo apartado 3 a parte que dicía “ ...e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo...”

Outras das novidades desta disposición con respecto aos contratos menores está referida a que os contratos con valor estimado inferior a 5.000€ e que se abonen a través de anticipos de caixa fixa ou similar non necesitan xustificación da necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto.

Así pois, e a ese respecto, pódese entender que esta modificación comportou a supresión da necesidade de que conste no expediente a xustificación de que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen o valor estimado de 40.000€ en contratos de servizos e subministracións.

Por outra banda, existirá fraccionamento contractual cando medie identidade ou equivalencia entre as distintas prestacións e concorran unha unidade funcional ou operativa, de tal xeito que resulten imprescindibles para o logro que se pretende acadar co contrato; polo tanto será viable xudicialmente realizar diferentes contratos menores se entre eles non existe vínculo operacional.

Ven ao caso o informe nº 111/2018 da Xunta consultiva de contratación administrativa do Estado: “Dous contratos de obra, aparentemente similares (exemplo, a



pavimentación dunha rúa “x” e a pavimentación da rúa “z”) ten obxectos equivalentes? ... cabe insistir que, con carácter xeral a norma non obriga a integrar nun mesmo contrato menor dúas ou mais prestacións, aínda que sexan similares e poidan executarse de forma conxunta, se son independentes entre si, corresponde ao órgano de contratación determinar, se é posible ou non a realización por separado das prestacións obxecto do contrato sen que isto implique unha infracción dos límites impostos pola norma.”

Conclusións:

Exposto o anterior e no relativo aos contratos de Ferretería –Droguería El Sol, Limpiezas Germania, SL y M Baluja, considera que estes contratos acóllense á normativa contractual, tanto en canto ao seu procedemento, ás súas contías, á periodicidade como aos seus correspondentes obxectos con independencia dunha posible similitude.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto das facturas aprobadas a un procurador por procedementos que ten abertos o concello, A Presidencia di non pode dicir os datos persoais publicamente, pero se o desexa pode facilitarllos cando remate o pleno.

Procedemento Ordinario 522/11 do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago e Procedemento Ordinario 523/11 do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago están relacionados coa parcela de San Miguel e xa están rematados.

O proceso sobre despido ou resolución contractual 1320/11 do Social nº 3 de Santiago xa está rematado.

O procedemento Ordinario 493/13 do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago é sobre unha infracción urbanística dunha veciña e xa está rematado.

O procedemento Ordinario 43/15 do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago está relacionado cunha reclamación reequilibrio económico financeiro por parte de Aquagest e xa está rematado.

O procedemento Abreviado 288/15 do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago está relacionado cunha reclamación por responsabilidade patrimonial de la administración por parte dunha persoa e Seguros Zurich por danos nun vehículo e xa está rematado.

O Procedemento Abreviado 600/16 do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago está relacionado coa impugnación das bases de técnico de turismo do ano 2016 por parte da CIG e xa está rematado.

A execución 93/17 do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago fai referencia ao procedemento anterior e está pendente de rematar e arquivar.

O procedemento Ordinario 130/17 do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago fai referencia á impugnación dos pregos do SAF e xa está rematado.



O procedemento Ordinario 400/18 do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago é sobre unha infracción urbanística dun veciño e xa está rematado.

O recurso de Apelación 4189/20 do TSXG Contencioso Administrativo Sección 2 é unha apelación do procedemento anterior e está aberto.

As dilixencias Previas nº 1840/18 do Xulgado de Instrución nº 3 de Santiago refírense ao roubo na nave do concello e da furgoneta do concello e está aberto.

Tamén están abertos os seguintes:

Procedemento Ordinario 4136/2019 do TSXG Contencioso Administrativo Sección 2 que se refire a unha impugnación do Plan Especial de Ponte Ulla.

Procedemento Ordinario 4137/2019 do TSXG Contencioso Administrativo Sección 2 que se refire a unha impugnación do Plan Especial de Ponte Ulla.

2º.- Respecto coas prazas que o concello non está cubrindo, a Presidencia di que tiveron mesa xeral de negociación cos tres sindicatos o oito de febreiro. En referencia á técnico/a económico/a acordaron facer a oferta de emprego público de urxencia. Xa saúa publicada no BOP e o día catro de marzo sairá no DOG. A partir de aí aprobaranse as bases e daráselle a máxima publicidade e a máxima prioridade e urxencia e vai ser por oposición libre.

En canto á outra praza, nesa mesa xurdiron dúbidas e debates por parte de todos. A idea é que estea operativa a partir do 2022 e polo tanto sairá ao longo deste ano.

3º.- En referencia á reposición do xel hidroalcolico, di que é unha opinión.

4º.- Sobre o informe do funcionamento do CIM, di que xa o viu.

5º.- Respecto á parcela en Laraño, a Presidencia di que logo lle comunica o nome da persoa. Adquiriuse unha parcela pequena porque había que resolver un problema que había nunha parte da rede de sumidoiros en Laraño e pagáronse 300 € por esa parcela.

6º.- En referencia ás R.A, da última Xunta de Goberno do 21/01/202, contesta que a R.A 773 está colgada na web xunto coas actas da XGL e a relación de facturas. Son facturas que chegan a final de ano, e sexa quen sexa o provedor, hai que aprobalas por R.A.

A R.A. 752 non son facturas. É a relación da conta xustificativa para cobrar a subvención. A Xunta de Galicia a través da FEGAMP concede unha axuda para os gastos de limpeza dos CPI duns 18.000 €.

7º.- Respecto das marquesiñas, di que é unha opinión.

8º.- Sobre a gravación de son dos plenos, responde que estiveron os técnicos e espera que quedara arranxado.

9º.- Respecto do transporte, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro que di que a empresa segue facendo desdobre porque nesa ruta non caben todos no bus. Estase



intentando atoparlle unha solución a este tema, tanto por parte do concello e cónstalle tamén que por parte da dirección do centro. Nunha reunión dos representantes da consellería cos equipos directivos, informaron da posibilidade de que cos novos cambios no transporte relacionados coas adxudicacións se pretendía eliminar os desdobres. De non ser así, tentarase presentar outras opcións á administración responsable. Agardan ter pronto boas novas para que os nenos e as nenas desta parte do concello non teñan os inconvenientes que esta situación xera.

10º.- Sobre o espazo público de San Xián, di que debido ás restricións vixentes por mor da pandemia tiveron que aprazar a reunión coa familia. Espera, a partir da próxima semana, poder celebrala. Adiántalle que en principio a familia transmitiulle telefonicamente a vontade de negociar e poder chegar a un acordo.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia responde:

1º.- En relación á moción que se debateu antes, cre que debe facer esa pregunta no pleno de Boqueixón.

2º.- Sobre a empresa de asfaltado municipal, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que pode estar tranquilo, que non lle van facer competencia ás empresas que se dedican a asfaltar en Vedra. Están montando un pequeno equipo para arranxar as fochancas como se fai todos os anos nas pistas e as reparacións naquelas zonas nas que hai que romper a pista para pasar a auga.

O que pretenden é mellorar a calidade dos arranxos, os tempos de resposta e sobre todo poder planificalos ao seu criterio e non ter que depender da dispoñibilidade das empresas á hora de facer estas reparacións.

3º.- Respecto á creación da plataforma municipal de venda on-line, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Caldelas González, que di que a plataforma naceu a raíz da pandemia e sobre a necesidade que tiñan as empresas e comercios nesta situación. Comezouse a planificar inmediatamente despois do inicio da pandemia e co acordo dos tres grupos.

O desenvolvemento, integración, deseño, contacto coas empresas e probas varias levaron o seu tempo, e aínda así conseguíuse desenvolver en oito meses escasos. Para a súa elaboración apostouse por unha empresa de economía social, unha cooperativa de traballo social onde participa un traballador do concello.

Non comparte a afirmación de que esta plataforma saíu da petición do BNG no 2016, porque nese ano o BNG solicitou unha formación para marketplace e un servidor de aloxamento, algo que non encaixa na situación actual de pandemia onde as empresas teñen que sumar todos os seus esforzos en producir e non en deseñar a súa propia web. A plataforma pretende que poidan vender cun esforzo mínimo de recursos, tanto económicos como laborais.

Cre que todos os grupos deben estar satisfeitos con este logro, xa que son pioneiro nos concellos de ámbito rural, e mesmo se adiantaron a concellos como Rianxo ou Vigo.

4º.- En relación á noticia sobre o proxecto europeo GIG Economy di que nel participan dez expertos de diversos organismos non só da Universidade de Santiago. Este panel de expertos e o seu número veu marcado polos socios internacionais do proxecto e así





consta no formulario de candidatura, deste xeito, cada país terá que formar un grupo de dez expertos que terán un papel importante no desenvolvemento do proxecto.

O criterio de selección foi consensuado entre o concello de Vedra e AGACA, que tamén participa como socio, e propuxéronse persoas expertas na temática do proxecto. Acudiuse a persoas que xa colaboraran no seu momento coas dúas entidades noutros proxectos, como é no caso do concello de Vedra, no que os asesores propostos xa colaboraron no anterior proxecto europeo sobre emprendemento.

Engadir que estes expertos traballan de xeito desinteresado, posto que non existe remuneración polo seu traballo.

Non se asinaron convenios, polo momento teñen a proposta por escrito de todos os expertos e a súa aceptación, porque de momento pola pandemia non se comezou con esta fase do proxecto.

-- Ás preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia responde:

1º.- Sobre o uso da máscara dos usuarios e familiares do SAF, cónstalle que llo reiteraron en múltiples ocasións e espera que cumpran.

2º.- Respecto ao informe sobre o grao de execución dos orzamentos do ano pasado, di que o orzamento de gasto sobre os créditos definitivos, que foron bastante máis cós créditos iniciais, foi dun 77,46% e prevese chegar ao 95% ao longo do 2021.

En canto aos ingresos, nas previsións definitivas, que foron moi superior ás previsións iniciais, a execución dos ingresos foi dun 84,10% e prevese chegar ao longo do 2021 a 92 ou 93%.

### **10º.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Respecto da mesa de negociación, di que van sacar a praza que está ocupando agora a técnica de tesourería. Supón que apresuradamente porque parece que ser que esa persoa sacou unha praza noutro concello.

Unha vez máis é unha mostra do deixamento do grupo de goberno e non valoran a importancia da estabilidade laboral do persoal.

2º.- Sobre o servizo de limpeza, consultados os expedientes, ese contrato rematou o 30 de novembro e non viu nada da prórroga a cal xa estaría terminando agora.

Unha traballadora autónoma que estaba limpando no CPI, estaba cobrando 1.950 € brutos ao mes, que por tres meses son 4770 €.

A outra traballadora cobraría o ano pasado, se traballase todo o ano íntegro 23.012 € brutos, que serían 1.917 € ao mes aproximadamente, que por tres meses serían 5.733 €.

Entre as dúas traballadoras, por tres meses, saíría un custe de 10.523 €.

O PP decidiu facer externo o servizo e asinou un contrato cunha empresa, a dedo, por 14.500 €. Son uns 4.000 € por trimestre e uns 16.00 € ao ano.

Pregunta se seguen coa mesma idea de contratar unha empresa cun encarecemento importante para as arcas municipais e cales son os criterios polos que defende esa xestión.

Está segura de que se o concello contrata a esas traballadoras, van estar mellor pagadas e vai aforrar cartos o concello.



3º.- Quere saber se a igrexa católica inscribiu algún ben no concello de Vedra no período 1998-2015 grazas á reforma da lei hipotecaria levada a cabo polo goberno de Aznar; porque a provincia da Coruña é a que ten máis inscricións de toda España, con máis de 2.000 bens.

--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Na resolución das axudas ao transporte e ensino escolar están postos os nomes e apelidos dos nenos/as beneficiarios, cando o concello non ten autorización para poñer eses datos. Nas bases poñía que autorizaban a poñer o nome do solicitante, é dicir, dun dos pais.

Solicita que retiren esas bases e a resolución ou que os poñan correctamente.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Respecto ao parque de bombeiros, solicita que convoque a xunta de voceiros ou informe ao Pleno cal é a intención do concello de Vedra.

2º.- Pregunta se é un problema técnico que non poidan vacinar aos veciños do concello no centro de saúde municipal, tal e como se fai noutros.

3º.- Solicita que dende o concello se pida a Medio Rural a localización das parcelas de viñado.

4º.- A persoa que denunciou o problema que tivo na selección de persoal en Boqueixón é veciño de Vedra, e o obradoiro é Vedra-Touro-O Pino-Boqueixón. Está xestionado polos catro concellos, e pregunta a onde quere que se dirixa. Se Vedra participa no obradoiro, alguén terá que responder por Vedra.

Solicita que o Alcalde aclare ese tema como Alcalde de Vedra e participante no obradoiro.

5º.- Respecto da creación da máquina de asfaltado, solicita o marcado CE ou no seu caso a adaptación ao regulamento do 1215 de 1997 de maquinaria.

6º.- Dille ao Sr. Caldelas González, do PP, que lea a moción con cariño e o que está funcionando agora mesmo en Vedra é un servidor wordpress. O que se pedía na moción do ano 2016 era que crearan as plataformas wordpress e que despois a xestionaran os comerciantes, tan e como están facendo agora.

Cre que non pode dicir que pasaron da moción do ano 2016 aprobada por unanimidade, e levala a cabo no ano 2021.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- O cruce de Sarandón é un perigo para condutores e peóns. Ten un visibilidade nula. É unha estrada autonómica e outra provincial. Solicita que falen coas administracións responsables das mesmas para intentar modificalo.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2º.- Pregunta se a ampliación da anchura da estrada A Gaiosa-Ponte de Sarandón, traía unha senda peonil, xa que é unha zona de tránsito frecuente.

3º.- Pregunta quen leva o arquivo dixital do concello e quen ten acceso a el. Cre que foi a Deputación quen o instalou e pregunta se ese servizo é levado por unha empresa.

4º.- Pregunta se os plenos se poden ver en directo por streaming. Se é así, solicita que na web do concello sexa máis fácil seguiilos porque é complicado chegar a onde están.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas.